

# Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

**STEG Opina**

## 24 de outubro: FOLGA XERAL NO ENSINO.

O STEG (Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza), con representación en tódalas mesas de persoal docente, vén de convocar de URXENCIA a súa COMISIÓN PERMANENTE ante a sinatura do pobre acordo acadado pola Consellería, ANPE, CCOO e Fete-UXT, así como a convocatoria de FOLGA XERAL DE PROFESORADO, anunciada en solitario pola CIG.

Entendemos que unha convocatoria de folga debera ser o froito dun proceso de traballo conxunto entre as forzas sindicais galegas. A este respecto non entendemos que, logo de sermos convocadas para o pasado 3 de outubro pola CIG (no camiño de estudar posíbeis accións conxuntas), e cancelada dita xuntanza apenas 24 horas antes, hoxe dito sindicato se laie no seu comunicado de ter que facer dita convocatoria de folga xeral “aínda que sexa en solitario”. Pero tampouco iso é algo insalvável -todas as organizacións cometemos erros nalgún momento e sería inxusto negarlles nós aos demais esa posibilidade-.

Dito isto, o STEG deixou constancia sempre da súa predisposición favorábel a accións conxuntas que redundasen no ben do ensino público galego (pode revisarse a hemeroteca) e o que lamentamos de verdade é que tres organizacións sindicais (ANPE, CC OO e Fete-UXT) dean por bo un acordo tan pobre, que tardou tanto en propoñerse e que tardará aínda moito máis (9 anos) en repercutir en algo na calidade do ensino público. Quen gaña aquí non é o ensino público. Quen gaña é a Xunta do PP, que hoxe avanza na súa manobra de despiste de parte da comunidade educativa e, a ollos da opinión pública, fortalece a súa posición, cando o único que fixo nestes últimos 13 anos foi desmantelar o ensino público galego.

# Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

## STEG Opina

Porén e malia todo, o STEG quere amosar a súa total predisposición á convocatoria conxunta de FOLGA XERAL. Pensamos que é máis o que nos une que o que nos separa na loita polos dereitos dos traballadores e traballadoras do ensino público galego.

Así, estamos en disposición de afirmar de xeito inmediato que o STEG será parte activa dunha **FOLGA XERAL** á que levamos tempo chamando. Sobran os motivos: **PERDA DE PODER ADQUISITIVO**, a constante **BUROCRATIZACIÓN** do noso traballo diario, a necesidade da baixada inmediata de **RATIOS** de alumnado por aula, a necesaria recuperación das **18 e 21 horas** para secundaria e primaria, a recuperación do **soldo de xullo e agosto** para o persoal funcionario interino, etc.

Os plans da Xunta non deixan de camiñar cara a privatización e a precarización do ensino público galego -logo da desfeita ocasionada durante anos e ás portas de ano electoral-, polo que entendemos que esta debe ser unha convocatoria de toda a comunidade educativa, nais e pais, alumnado, etc.

Dende hoxe e ata o 24 de outubro o STEG pon en marcha toda a súa forza para que a FOLGA XERAL sexa un éxito rotundo que leve a Consellería de Educación a asumir as demandas de calidade educativa e de dereitos laborais que o corpo docente leva anos reclamando.

Agardamos que todas as forzas sindicais esteamos á altura.